



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 1/2025

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN EXRTRAORDINARIA URXENTE, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA DEZ DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

En Ordes, a dez de xaneiro de dous mil vinte e cinco.

Na sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Extraordinaria Urxente, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONI CABEZA FRAGA
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D^a. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D^a. MARIA VIEITES CALVO
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- D^a. MARIA MARTÍNEZ VIEITES
- D. MANUEL ANTONIO VILLAVARDE REY
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
- D^a. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás catorce horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procedése a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

A efectos do establecido no art. 46.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril (LRBRL) e art. 79 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), polo Sr. Alcalde-Presidente sométese ao Pleno Corporativo Municipal a ratificación da urxencia da sesión.

Polo Sr. Alcalde xustifícase a urxencia en que é necesario acordar polo Pleno do Concello a Participación no POS+ Adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios, cuxo prazo de presentación de solicitudes de participación remata ás 15:00 horas do día 15/01/2025, non tendo sido posible a tramitación da documentación deste expediente coa anticipación



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

suficiente que permitise a inclusión deste asunto nunha sesión ordinaria ou extraordinaria do Pleno.

O Pleno corporativo municipal por maioría de dezasete votos a favor, sendo dezasete o número legal dos seus membros, acordou ratificar a urxencia da sesión.

2. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de data 28 de novembro de 2024, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria, de data 28 de novembro de 2024, resultou aprobada polo Pleno Corporativo municipal por maioría de dezasete votos a favor, sendo dezasete o número legal dos seus membros.

3. PARTICIPACIÓN NO POS+ ADICIONAL 1/2025 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS

Vistas as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2025", que se destina aos 93 concellos da provincia.

Visto que xunto co POS+2025 o Concello de Ordes tamén pode participar no POS+ADICIONAL 1/2025 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

Vista a cantidade do POS+ ADICIONAL 1/2025 asignada a ese concello para os gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024 (**116.981,77 €**).

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes:

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que as Bases reguladoras POS+ 2025 foron aprobadas polo pleno da Deputación Provincial o día 29/11/2024 (BOP nº 233, de data 03/12/2024), un procedemento recorrente ano tras ano co que xa se contaba, xa se sabía que o persoal municipal tiña pendentes as vacacións, que se aproximaban as festas de Nadal e o prazo de presentación o 15/01/2025 de participación no POS+ Adicional 1/2025. Aínda así convocouse este pleno o día 09/01/2025 xunto coa documentación. Revisada a documentación que se lles achega notan que é basicamente un corta e pega da solicitude do ano anterior. Estes cartos están a destinarse como sempre a complementos dos soldos do persoal de servizos sociais, a creación/ampliación do servizo de axuda no fogar de servizos específicos dótase de cero euros, a creación/ampliación do servizo de axuda no fogar de servizos de carácter complementario (fisioterapia, podoloxía, terapia ocupacional) dótase de cero euros, o servizo/ampliación dos servizos para respiro e conciliación familiar seguimos con dez mil euros sen ampliación. Saben que os servizos sociais so caros, saben que teñen un gasto que se vai incrementando por que a xente tende a vivir máis. Estes gastos son adicionais. O que lles estraña e que se son adicionais sempre se gaste no mesmo. Non ven que haxa outras opcións como por exemplo dotar o servizo de fisioterapia, podoloxía, se xa existe pode ampliarse. Xa sabe que existe, que se valora, pero non se lle da máis valor. As familias que recorren aos servizos sociais están nunha vulnerabilidade real, non viven nun mundo de yupi. Se estes cartos son adicionais poderían gastarse en facer cousas novas. Seguimos co mesmo modus operandi deste goberno. Fanse as cousas correndo e



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

despois criticáanse aos compañeiros por que se di non se sabe do que se ven a falar. Ano novo, vida nova, pero corporación e modus operandi como sempre.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que se trata de decidir a participación nun POS+ Adicional 1/2025 para optar a recibir da Deputación provincial 116.981 €. Por parte do BNG o van a apoiar por que benvidos sexan a pesar de non ser o gasto social unha competencia atribuída á Deputación provincial. Se non axudan a financiar estes gastos de 1.280.000 euros de previsión polo concello de Ordes, quedando a financiar polo concello 586.000 euros, co que o gasto propio do concello serían 469.000 euros. Van a apoiar esta proposta. As administracións que realmente teñen a competencia deberían ser quen de financiar estes servizos de maneira íntegra

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que sen prexuízo do que lle poida dicir a voceira, simplemente rectificarlle unha cousa, ten un discurso bastante obsoleto. A estimación da financiación do concello no ano 2015 non chegaba nin a 85.000 euros, para o ano 2025 van a ser 586.000 euros. É unha pena que o goberno central do que tanto presumen que non poña a súa participación como ten que facer. A Lei de dependencia aprobouse polo goberno central que é quen ten que financiar todos e cada un destes servizos. Esa é a realidade. As participacións que envía ás comunidades autónomas son totalmente irrisorias todos e cada un dos anos.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que no reforzo non se está a pagar ningún traballador que xa estea estruturalmente no cadro de persoal da Mancomunidade, é precisamente reforzo, para aumentar os servizos. Nas axudas de emerxencia hai aportacións da Deputación, Xunta e concello, e ante as retiradas masivas de IMV a familias con ingresos cero é necesario ter unha previsión. O SAF mudou neste concello e tamén en todos os concellos nos que están gobernando de 17 € o ano pasado a 23.23 € neste ano. Esta partida non estaba contemplada o ano pasado polo que non diga que é un corta e pega. A Deputación con moi bo criterio para os concellos incorporou esta partida. Destes 485.500 euros a Deputación vai a aportar 14.000 euros. O SAF da Mancomunidade para Frades e Ordes 50.000 horas multiplique por 23,23 €, incorpora todos eses servizos que tanto quere. Xa estaban incorporados, agora moitos máis, vai todo, lea que está colgada na páxina web o servizo que foi licitado. Quere unha partida para que non se gaste, cando esta en outra. Xestión, diso se trata. A creación do servizo de respiro á conciliación hai moitas familias vulnerables neste concello, isto é para as familias vulnerables. Isto é o que pon a Deputación, sabe o que incorpora o concello. Hai moitas outras partidas que non van aquí, non subvencionadas pola Deputación. Se ten dúbidas llo explica.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de dezasete votos a favor (9 grupo político PP, 6 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2025" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptando a totalidade das súas Bases, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ Adicional 1/2025: 116.981,77 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	PREVISIÓN DE GASTOS 2025	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
-------------------------------------	--------------------------	--	---	---------------------------------------	-------------------------------------



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	1.281.000,00 €	695.000,00 €	586.000,00 €	116.981,77 €	469.018,23 €
Investimentos: Tipoloxía i	0,00 €			0,00 €	
Investimentos: Tipoloxía j	0,00 €			0,00 €	
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	1.281.000,00 €	695.000,00 €	586.000,00 €	116.981,77 €	469.018,23 €

IMPORTES SOLICITADOS

I. Importe solicitado para gastos correntes	116.981,77 €
II. Importe solicitado para Investimentos: Tipoloxía i	0,00 €
III. Importe solicitado para Investimentos: Tipoloxía j	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ ADICIONAL 1/2025 (I + II + III)	116.981,77 €

2. Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás catorce horas e corenta e catro minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias